



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADERNE

Delegación competencias Alcalde en concelleiros

ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía nº 282 de data 13/07/2023, do cal se deu conta na sesión plenaria de 20/07/2023, acordouse o seguinte:

Ao abeiro do disposto no artigo 21.3 da LRBRL 7/1985, coas excepcións fixadas na lexislación aplicable,

De conformidade co preceptuado nos artigos 23.4 da lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local e 43,44, 114 e 115 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co fin de conquistar unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal,

En uso das atribucións que me están conferidas polos preceptos legais citados,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Outorgar as seguintes delegacións especiais de competencias a favor dos Concelleiros nas áreas que se relacionan:

A D. José Ángel Germade Barros: Os actos de seguimento, impulso e trámite posteriores á solicitude e/ou inicio dos procedementos e anteriores á resolución dos mesmos que así o requiran na **área de Economía, Emprego, Desenvolvemento Emprendedor e Comunicación**.

A D^a. María Luisa Abrodos Fernández: Os actos de seguimento, impulso e trámite posteriores á solicitude e/ou inicio dos procedementos e anteriores á resolución dos mesmos que así o requiran na **área de Igualdade e Servizos Sociais**.

A D. Rafael Castro Deive: Os actos de seguimento, impulso e trámite posteriores á solicitude e/ou inicio dos procedementos e anteriores á resolución dos mesmos que así o requiran na **área de Obras Públicas e Urbanismo, servizos e sustentabilidade**

A D. Salvador García Ruise: Os actos de seguimento, impulso e trámite posteriores á solicitude e/ou inicio dos procedementos e anteriores á resolución dos mesmos que así o requiran na **Educación e Saúde Pública**.

SEGUNDO.- Por imperativo legal a delegación especial comprende a dirección interna e xestión do servizo ou áreas que se delegan, pero sen capacidade resolutiva mediante actos que afecten a terceiros. Os actos que se adopten por delegación, entenderanse ditados por esta Alcaldía como titular da competencia orixinaria, sendo inmediatamente executivos. Non obstante iso, esta Alcaldía resérvase a posibilidade de avocar en calquera momento a competencia delegada, conforme ao establecido nos artigos 116 do ROF, en relación co artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO.-O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 21.3 da LRBRL 7/1985 e concordantes así como o 43 e seguintes do ROF 2568/1986 das Entidades locais .

CARTO.- Notificar o presente Decreto aos Concelleiros afectados, o cal xurdirá efectos desde o día seguinte o da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

QUINTO.- Dar conta do presente Decreto ao Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do disposto no artigo 38 do ROF, a efectos de que quede decatado do seu contido.

Paderne, 01/08/2023

Documento asinado electrónicamente.

O ALCALDE

D. Sergio Platas Casal